## VI. ANUNCIOS

## A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

## AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS

*ANUNCIO do 30 de outubro de 2018 polo que se somete ao trámite de información pública a separata para información pública do proxecto de construción fomento da mobilidade sustentable. Senda na PO-225, treito Alba-San Caetano, puntos quilométricos 0+000-1+080, de clave PO/16/264.06, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referenciado.*

Antecedentes.

O artigo 6.2 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia e o artigo 12.2 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia, determinan que os espazos destinados a sendas para peóns ou para a circulación de ciclistas teñan a consideración de elementos funcionais da estrada. Tendo en conta este precepto, a Xunta de Galicia elaborou a Estratexia en materia de mobilidade alternativa de Galicia, entre cuxos obxectivos está o fomento dos sistemas de transporte alternativos aos motorizados, que permitan minimizar as repercusións sobre o ambiente e os seus impactos sociais e económicos.

Os beneficios esperados con esta iniciativa son, entre outros, a mellora da mobilidade, a mellora da calidade do aire, da saúde, da igualdade e benestar da economía, do patrimonio e do urbanismo.

Con data do 29 de maio de 2017, a Axencia Galega de Infraestruturas aprobou, con base na Estratexia en materia de mobilidade alternativa de Galicia, o documento Estratexia en materia de mobilidade alternativa na comarca de Pontevedra e concellos limítrofes onde unha das sendas propostas era unha senda na PO-225, que agora se desenvolve mediante o proxecto construtivo: fomento da mobilidade sostible. Senda na PO-225. Treito: Alba-San Caetano. Puntos quilométricos (pp.qq.) 0+000-1+080, de clave: PO/16/264.06.

O obxecto do proxecto é definir, xustificar e valorar as obras necesarias para a construción dun itinerario peonil e ciclista que permita a circulación de peóns e ciclistas non deportivos pola estrada autonómica PO-225, entre os pp.qq. 0+000 e 1+080.

CVE-DOG: dnzwzih3-eif1-zm03-bkk9-utm4gmjwdtj9

Trátase dunha actuación que enlaza os distintos núcleos lindantes ao treito de estrada obxecto de estudo, favorecendo a conexión dos principais focos de atracción como son os propios núcleos poboacionais de Alba e San Caetano, as empresas industriais situadas na zona e principalmente o Camiño Portugués, cuxo trazado é coincidente coa estrada autonómica PO-225, entre os pp.qq. 0+330-0+910.

Deste xeito, proxéctase unha senda cun largo variable, en función do espazo dispoñible, e sempre con 1,8 metros de largo mínimo, separada da calzada naqueles treitos onde existe espazo suficiente, por unha franxa axardinada de 0,5 metros de largo e o correspondente bordo delimitador. Ordenarase tamén o espazo destinado a aparcadoiro de vehículos, así como o empregado para a colocación dos contedores de residuos.

Toda a actuación se realiza, polo tanto, para tratar de fomentar a mobilidade urbana multimodal, en detrimento do vehículo motorizado, polo que se consideran ademais das obras de pavimentación, a execución do sistema de drenaxe de augas pluviais, a reposición daqueles servizos afectados pola execución das obras.

Considerando todo o exposto e o establecido na normativa vixente,

RESOLVO:

Primeiro. De acordo co establecido no artigo 21.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia e no artigo 50 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia, o mencionado proxecto de construción sométese ao trámite de información pública durante un período de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, para que as persoas que o consideren oportuno poidan formular por escrito, ante a Axencia Galega de Infraestruturas, as observacións que crean convenientes relativas á concepción global do trazado deseñado.

Segundo. Que simultaneamente ao trámite sinalado no parágrafo anterior, e para os efectos previstos no artigo 56.1 do Decreto do 26 de abril de 1957, polo que se aproba o Regulamento de expropiación forzosa, sométese a información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra correspondente, para que os afectados presenten cantas alegacións ou rectificacións consideren convenientes en canto aos bens e dereitos descritos na relación anexa.

CVE-DOG: dnzwzih3-eif1-zm03-bkk9-utm4gmjwdtj9

DOG Diario Oficial de Galicia



Terceiro. A exposición ao público, para os efectos desta resolución, realízase na Axencia Galega de Infraestruturas (San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela), no Servizo de Infraestruturas de Pontevedra (avenida Mª Victoria Moreno, 43, 1º, 36071 Pontevedra), Casa do Concello de Pontevedra (rúa Michelena, 30, 36071 Pontevedra). Así mesmo, na páxina web da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade (http://civ.xunta.gal/organizacion/c/CIV_Axencia_Galega_de_Infraestruturas) atópase a disposición dos interesados o documento da separata do proxecto de construción.

Santiago Compostela, 30 de outubro de 2018

Francisco Menéndez Iglesias
Director da Axencia Galega Infraestruturas

CVE-DOG: dnzwzih3-eif1-zm03-bkk9-utm4gmjwdtj9

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia



ANEXO

**Relación de bens, dereitos e propietarios afectados**
**Proxecto de construción**
**Fomento da mobilidade sustentable. Senda na PO-225. Treito: Alba-San Caetano.**
**Puntos quilométricos pp.qq. 0+000-1+080, clave: PO/16/264.06**

Concello de Pontevedra.

| Nº | Ref. catastral | Titular | Polígono | Parcela | Clasificación | Uso | Situación do solo | Sup. catastral total (m²) | Sup. afectada (m²) | Bens afectados |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | 36900A17900592 | Catania Solla, Federico Hugo | 179 | 00592 | Solo non urbanizable | Agrario | Rural | 606 | 16,40 | |
| 2 | 36900A17900591 | Fuentes Solla, Manuel | 179 | 00591 | Solo non urbanizable | Agrario | Rural | 576 | 36,50 | |
| 3 | 36900A17900590 | Castro Iglesias, Rogelio | 179 | 00590 | Solo non urbanizable | Agrario | Rural | 442 | 48,43 | |
| 4 | 36900A17900589 | Solla Solla, María del Carmen | 179 | 00589 | Solo non urbanizable | Agrario | Rural | 304 | 51,90 | |
| 5 | 36900A17900576 | Autopistas del Atlántico Concesionaria Española, S.A. | 179 | 00576 | Solo non urbanizable | Agrario | Rural | 29 | 28,53 | |
| 6 | 36900A17900577 | Pérez Ucha, José | 179 | 00577 | Solo non urbanizable | Agrario | Rural | 67 | 39,00 | |
| 7 | 36900A17900578 | González Martínez, Camila | 179 | 00578 | Solo non urbanizable | Agrario | Rural | 138 | 63,12 | 12 m² viñedo |
| 8 | 36900A17900579 | Fernández Moldes, Virginia | 179 | 00579 | Solo non urbanizable | Agrario | Rural | 509 | 236,49 | 45 m² viñedo |
| 9 | 36900A17900580 | Fernández Casal, Sara | 179 | 00580 | Solo non urbanizable | Agrario | Rural | 929 | 89,39 | 30 ml peche de pedra<br>30 ml peche de malla<br>42 m² viñedo |
| 10 | 36900A17900537 | Viéitez Villaverde, Manuel | 179 | 00537 | Solo non urbanizable | Agrario | Rural | 683 | 20,70 | |
| 11 | 36900A17900536 | Viéitez Cochón, Valentín | 179 | 00536 | Solo non urbanizable | Agrario | Rural | 661 | 36,71 | |

| Nº | Ref. catastral | Titular | Polígono | Parcela | Clasificación | Uso | Situación do solo | Sup. catastral total (m²) | Sup. afectada (m²) | Bens afectados |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 12 | 36900A17900535 | Castro Lagos, Santiago | 179 | 00535 | Solo non urbanizable | Agrario | Rural | 1.142 | 48,14 | |
| 13 | 36900A17900700 | Fernández Tejedo, Constantino | 179 | 00700 | Solo non urbanizable | Agrario | Rural | 872 | 34,30 | |
| 14 | 36900A17900534 | Fernández Casal, Lucía | 179 | 00534 | Solo non urbanizable | Agrario | Rural | 710 | 26,44 | |
| 15 | 36900A17900699 | Corredoira Fernández, Francisco Jaime | 179 | 00699 | Solo non urbanizable | Agrario | Rural | 600 | 24,45 | |
| 16 | 36900A17900533 | Viéitez Cochón, Valentín | 179 | 00533 | Solo non urbanizable | Agrario | Rural | 410 | 16,02 | |
| 17 | 36900A17900532 | Tejedo González, Antonio | 179 | 00532 | Solo non urbanizable | Agrario | Rural | 891 | 35,10 | |
| 18 | 36900A17900531 | Barreiro Rodríguez, Dorinda | 179 | 00531 | Solo non urbanizable | Agrario | Rural | 611 | 23,32 | |
| 19 | 36900A17900530 | Viéitez Cochón, Valentín | 179 | 00530 | Solo non urbanizable | Agrario | Rural | 413 | 14,34 | |
| 20 | 36900A17900529 | Villaverde Touceda, Cándido | 179 | 00529 | Solo non urbanizable | Agrario | Rural | 1.184 | 31,24 | |
| 21 | 36900A17900528 | Chan Villaverde, José Vicente | 179 | 00528 | Solo non urbanizable | Agrario | Rural | 896 | 41,44 | |
| 22 | 36900A17920528 | Chan Villaverde, Mérita | 179 | 20528 | Solo non urbanizable | Agrario | Rural | 897 | 41,88 | |
| 23 | 36900A17910528 | Chan Villaverde, Sabino | 179 | 10528 | Solo non urbanizable | Agrario | Rural | 870 | 40,94 | |
| 24 | 36900A17900525 | Tejedo González, José | 179 | 00525 | Solo de núcleo rural | Agrario | Urbanizado | 1.883 | 51,38 | 1 ud recuamento contador<br>13 ml peche de malla<br>2 ud recuamento portalón<br>13 ud árbore ornamental |

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

| Nº | Ref. catastral | Titular | Polígono | Parcela | Clasificación | Uso | Situación do solo | Sup. catastral total (m²) | Sup. afectada (m²) | Bens afectados |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 25 | 36900A17900521 | Tejedo González, José | 179 | 00521 | Solo de núcleo rural | Agrario | Urbanizado | 1.533 | 83,55 | 1 ud recuamento portalón<br>1 ud árbore ornamental<br>34 m² balaustrada de pedra<br>51 m² muro de pedra |
| 26 | 36900A17900518 | Tejedo González, José | 179 | 00518 | Solo de núcleo rural | Agrario | Urbanizado | 1.301 | 3,92 | |
| 27 | 36900A17900517 | Fernández Tejedo, Elvira | 179 | 00517 | Solo de núcleo rural | Agrario | Urbanizado | 439 | 1,00 | |
| 28 | 36900A19000015 | Freijo Díaz, José | 190 | 00015 | Solo no urbanizable | Agrario | Rural | 1.279 | 300,00 | 300 m² viñedo<br>12 m² muro formigón |
| 29 | 36900A17900515 | Villaverde Villaverde, Josefa | 179 | 00515 | Solo de núcleo rural | Agrario | Urbanizado | 377 | 33,43 | 1 ud recuamento portalón<br>68 m² viñedo |
| 30 | 36900A17900506 | En investigación. Artigo 47 da Lei 33/2003 | 179 | 00506 | Solo de núcleo rural | Agrario | Urbanizado | 397 | 28,76 | |
| 31 | 36900A17900505 | Castiñeira Villaverde, Secundina | 179 | 00505 | Solo de núcleo rural | Agrario | Urbanizado | 1.683 | 29,90 | 30 m² balaustrada sobre muro |
| 32 | 36900A17900504 | Abraldes Ruibal, Manuel Secundino | 179 | 00504 | Solo de núcleo rural | Agrario | Urbanizado | 1.307 | 31,47 | 10,5 m² muro de pedra<br>1 ud recuamento portalón |
| 33 | 36900A17900701 | Abraldes Ruibal, Manuel Secundino | 179 | 00701 | Solo de núcleo rural | Agrario | Urbanizado | 340 | 8,99 | 3,5 m² muro de pedra |
| 34 | 36900A17900503 | Fernández Gómez, Luciano | 179 | 00503 | Solo de núcleo rural | Agrario | Urbanizado | 434 | 15,63 | |
| 35 | 36900A17900502 | Barreiro Lorenzo, Manuel | 179 | 00502 | Solo de núcleo rural | Agrario | Urbanizado | 236 | 17,47 | 15 m² peche metálico<br>1 ud recuamento portalón |
| 36 | 36900A19000047 | Losada Varela, Concepción | 190 | 00047 | Solo de núcleo rural | Agrario | Urbanizado | 94 | 47,90 | |
| 37 | 36900A19000046 | Cochón Ramos, Juana | 190 | 00046 | Solo de núcleo rural | Agrario | Urbanizado | 281 | 60,80 | |



XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia